



PRESENTACION:

Dende a Anpa queremos darvos a benvida a nosa escola e comentarvos un pouco en qué situación nos atopamos: Somos una asociación de nais e pais na que a Directiva foi renovada o 100% no pasado curso. Non foi tarefa fácil xa que todo aconteceu en plena pandemia e despois do confinamento máis duro. Esa problemática alenteunos mais se cabe para intentar mellorar as condicións nas que se atopan os nosos nenos e nenas e promovimos varias reformas no colexio que resumimos brevemente:

- Ampliación dos baños no parque de infantil .
- Substitución das fiestras no comedor .
- Estanteria novas para os nenos de infantil.
- Cerramento da entrada ó comedor.

SERVIZOS OFERTADOS:

1. MADRUGADORES :

O horario é de 07:15 a 08:15 e pódese optar por elixir con ou sen almorzo.

2. COMEDOR:

O horario é de 14:00 a 16:00.

3. GARDA E CUSTODIA

O horario é de 14:00 a 14:30

4. TAKE AWAY

Pódese elixir a opción de levar o menú e disfrutalo na casa.

5. LUDOTECA

Este ano debido a situación de alerta sanitaria na que nos atopamos non contamos coas actividades extraescolares como de costume, por iso creamos unha ludoteca para todos aqueles pais que teñan que conciliar. O horario é de 16:00 a 18:00.

Todos os servizos descritos anteriormente foron exclusivamente de conciliación, sendo este requisito imprescindible para optar a eles. Para o vindeiro curso esperamos ofertar o anteriormente citado e na nosa intención está a organización de novo das actividades extraescolares sempre que a situación sanitaria o permita.

Para ampliar a información e estar atentos ás novidades visitade a nosa web www.anpaquintanmondego.wordpress.com. e se tedes alguna dúbida poñédevos en contacto no mail anpaquintan.info@gmail.com.

ANPA QUINTAN - Mondego

www.anpaquintanmondego.wordpress.com/

Seguenos en Instagram y Facebook!!

